

NOTA DE PRENSA

EVENTO: IX ENCONTRO DE ARTES POLA INTEGRACIÓN
ARTESPOLAINTEGRACION.COM

DATA: 04.05.06 SETEMBRO 2020.

LUGAR: A CORUÑA

IX ENCONTRO DE ARTES POLA INTEGRACIÓN

O proxecto cultural e inclusivo “Artes pola integración” organiza o seu noveno encontro con representantes de diferentes iniciativas artísticas.

Artes pola integración é un proxecto que comezou a súa andaina no ano 2008, tras un traballo de inclusión social a través da danza e o teatro en Prisións de Galicia.

Ten como obxectivo xeral romper as barreiras e sutiuilas por vías de acceso bidireccionais entre artistas e persoas con capacidades diferentes, entre a comunidade e os excluídos, e entre éstos e a sociedade para fomentar o coñecemento, o recoñecemento e, en definitiva, a integración e a inclusión social.

A temática deste novo encontro centrase no uso dos Espazos Abandonados da cidade para presentar as propostas artísticas. Espazos en desuso, apartados ou esquencidos. Unha metáfora ou paralelismo con certas persoas que por ser distintas sofren o abandono social e precisan de ser visibilizadas.

O programa é moi diverso, poderemos disfrutar de espectáculos de Danza Contemporánea e inclusiva no centro Agora, no teatro Rosalia de Castro, así como, na igrexa e graffitis do porto de Oza como escenografía principal. O mesmo tempo que haberá espazos de reflexión diversa na Fundación Luis Seoane.

Entre os artistas participantes están os bailaríns, Carlota Pérez, Jordi Cortes e Nuria Sotelo e as compañías, cia 5s, cia Danza Mobile e a compañía José Galán.

O evento axustase o protocolo de actividades culturais para prevención de COVID-19. Será preciso facer reserva no número de teléfono ou e-mail que se facilita para cumprir aforo.

605805366

CONTACTAR@ARTESPOLAINTEGRACION.COM